

RESOLUCIÓN Nº 42/2011 DE 16 DE FEBREIRO DE NOMEAMENTO DE PABLO GARCÍA RODRÍGUEZ COMO POLICÍA LOCAL EN PRÁCTICAS.

O día 15 de febreiro de 2011 o Tribunal de selección designado para xulgar as probas relacionadas na convocatoria para o acceso por oposición libre a unha praza de policía local neste Concello de Ponteceso propúxome que nomease , unha vez acordada a lista de aprobados, a Pablo García Rodríguez para esa praza convocada.

Así notificóuselle tal acto ao interesado requeríndolle para que presentase unha declaración xurada necesaria para aportar ao expediente.

Examinei o expediente completo e a proposta do Tribunal recollida na acta de 15/02/2011

Á vista das competencias en materia de persoal que me outorga a Lei de Bases do réxime Local 7/1958 de 2 de abril e según dispoñen as bases 13 e 14 que rexeron esta convocatoria aprobada por Resolución de alcaldía 159/2010

RESOLVO:

1º.- Nomear como funcionario en prácticas na Subescala de Administración Especial, Subescala Servizos Especiais, categoría Policía local a Pablo García Rodríguez tras ter aprobado o proceso selectivo con todos os dereitos e deberes que lle correspondan según a súa categoría.

2º.- Será condición necesaria para obter a condición de funcionario de carreira a superación do curso selectivo impartido pola Academia Galega de Seguridade Pública

3º.- Que se lle notifique esta Resolución ao interesado e se de conta ao Pleno da Corporación na seguinte sesión que se celebre.

Mandouno e asina o alcalde desta Corporación e eu, secretaria dou fe.

Ponteceso, 16/02/2011

O alcalde

Dou fe. A Secretaria

José Luis Fondo Aguiar

Cristina Castro Fuentes

Recursos:

Contra este acordo, que pon fin á vía administrativa, poderá interpor potestativamente ante o mesmo órgano que o dictou o **recurso de reposición** no prazo de un mes, contado dende o día seguinte de recibir esta notificación, de conformidade co artigo 116 da Lei 30/1992, do 26 de novembro. . O recurso de reposición deberao resolver e notificar o concello no prazo dun mes, contado dende o día seguinte de que o presente. Se transcorre o prazo dun mes dende que interpuxera o recurso de reposición sen que o Concello o resolva no prazo, deberá entender que o desestima e quedará libre a vía contencioso-administrativa.

Este acordo tamén o poderá impugnar directamente ante a orde xudicial contencioso-administrativa.

Contra a resolución expresa do recurso de reposición ou ben directamente contra este acordo poderá interpor o **recurso contencioso-administrativo** ante o órgano competente da xurisdición contencioso-administrativa no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte de que o Concello lle notifique a resolución ou da notificación deste acordo, de

conformidade cos artigos 8, 9 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo. Se a resolución non fose expresa, o prazo de interposición do recurso contencioso-administrativo será de seis meses e contarase a partir do día seguinte a aquel no que deba entenderse presuntamente desestimado o recurso potestativo de reposición ou a partir do día seguinte a aquel no que, de acordo coa súa normativa específica, se produza o acto presunto.

Advírtolle que tamén poderá interpoñer calquera outro recurso que estime pertinente na defensa dos seus intereses. A interposición do recurso non paraliza a executividade desta resolución.